

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CEE
Edificio	Igrexa de Santo Adrián de Toba
Dirección	Aldea de Toba de Abaixo, 43. 15138
	42.966070 -9.199432
Protección	
Descrición	Igrexa de planta de cruz latina cunha ábsida de reducidas dimensións. A nave presenta unha notable desproporción con respecto ó cruceiro, formado por dúas capelas moi pequenas. No lado norte ca capela maior atopámo-la sancristía e tamén neste mesmo muro existe unha pequena estancia, con acceso desde o exterior que serve para gardar obxectos litúrxicos. Ós pés está un coro ó que se accede por unha estreita escaleira de pedra. A capela maior cóbrese con bóveda de canón; o arco de ingreso que a comunica coa nave apóiase en dúas semicolumnas. A nave cóbrese actualmente con bóveda de canón de cemento, aínda que primitivamente tivo teitume de madeira a dúas augas. A fachada principal ó oeste componse dunha porta de luz rectangular sobre a que se abre un van tamén rectangular. Un baptisterio alóxase ós pés da nave cerrado por un arco de medio punto. As capelas do brazo do cruceiro cóbreanse con bóvedas de canón de cantería. Ós pés do muro sur levántase unha torre, sobre un corpo cúbico de carácter pesado e macizo. A fachada segue un esquema pentagonal na súa disposición. Remátase cun acroterio en forma de cruz.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	31-08-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	CAGIGAL HONTAÑÓN, ANTONIO	1834	61	131
Torre-campanario	Maior.	QUINTANA, CAMPANAS	1989	70	199

Información completa: [Igrexa de Santo Adrián de Toba - CEE \(GALICIA\)](#)

PDF (25-05-2026)